

8M Día Internacional da Muller

EOI de Vilagarcía

'Frases pola igualdade'

Do 8 ó 26 de marzo de 2021

Edición virtual - Bases de participación

*



1. Actividade aberta a alumnado da EOI de Vilagarcía no curso 2020-2021.

2. O alumnado dispón de 15 días, entre o 8 e o 26 de marzo de 2021 para participar na actividade.

3. Cada participante accederá á actividade no [Genial.ly interactivo](https://genial.ly) a través destas bases, das aulas virtuais

dos seus grupos, da páxina web e/ou redes sociais, e seguirá as instrucións de participación que se detallan na propia actividade interactiva e explicadas polos/as titores/as.

4. As frases ou slogans deberán estar escritas na súa lingua de estudo, entre as cinco que se ensinan na escola (alemán, francés, inglés, italiano e portugués), así como en galego.

5. A participación leva implícita o respecto polo [manual de uso seguro e responsable da rede e das TIC do plan de convivencia da EOI de Vilagarcía](#). Non se tolerarán comentarios que incorran en condutas contrarias ás normas xerais de convivencia e todo comentario cuxo contido se considere inadecuado, ofensivo, inxurioso ou discriminatorio, ou que poidan vulnerar os dereitos de terceiros.

6. As frases serán revisadas polo equipo de culturais da EOI de Vilagarcía, composto polas Xefaturas dos Departamentos, a persoa encargada do EDLG e da Biblioteca e a Vicedirección, para comprobar que seguen as bases aquí descritas.

7. Dependendo do nivel de participación, as frases poderán ser sometidas a selección polo equipo de culturais da EOI de Vilagarcía, segundo criterios consensuados.

8. As frases recibidas ou seleccionadas serán usadas para serigrafiar camisetas corporativas da EOI, que serán o obsequio que reciban as persoas participantes na I Andaina 'Sendas cara a Igualdade'. [Máis información aquí](#).

9. As frases recibidas ou seleccionadas poderán ser usadas pola EOI Vilagarcía para a promoción da actividade en diversos formatos a través dos medios de difusión cos que conta a escola (eminentemente páxina web, redes sociais e prensa).

10. A participación na actividade de [Frases pola igualdade](#) implica a aceptación das presentes bases.